



Achega

Poemas, a Begonha Caamanho, nosa valente

Andrea Nunes Brións

De Circe a Penélope (ou viceversa)

Que te *astilles* enteira no medio das *minhas* pupilas
que resoen as letras do teu nome no meu padal
que as túas palabras fagan cráter no centro do meu corpo
que se faga pandemia esta disidencia que habitamos

xa ves,
isto é como quen morde unha froita
e se perde entre sons guturais, melodías varias
ou precipicios

como sería que un día, ebrias de saudade,
saísemos destas *linhas* e bailásemos?

Sería como *reconhecer* o teu olor derramándose
no ronsel que deixa a túa escrita
aterrar na túa cama
e que unha avalancha nos tornase mudas
neste pracer inmenso do azul
minha senhora.

Andrea Nunes Brións